




Proxecto:

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE LUGO

Emprazamento:

URPI-58 (CS5 na denominación do PXOU anterior)

Fase:

Fase 2: Documento para aprobación inicial

Promotor:

Concello de Lugo



Arquitecto Director do Equipo:

Alberte González Rodríguez

Equipo Redactor:



gabinete de arquitectura e urbanismo
rúa círculo das artes 18, 27002 Lugo
tel. e fax: 982 250 811

Título de documento:

INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

Data: **Marzo 2023**



MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE LUGO NO ÁMBITO DA URPI-58

DOCUMENTO DE FASE 2: APROBACIÓN INICIAL

MARZO DE 2023

A documentación constitutiva da Fase 2, foi elaborada por GAU ARQUITECTURA E URBANISMO SLP para o Excmo. Concello de Lugo, como consecuencia da adxudicación mediante concurso público dunha asistencia técnica para a elaboración do proxecto de modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal no ámbito do URPI-58 (Expte. Ref. 2019-097). O presente documento redáctase para a aprobación inicial.

Os traballos foron dirixidos polo arquitecto Alberte González Rodríguez e o equipo técnico e xurídico estivo formado por:

- Alberte González Rodríguez, arquitecto (gAU gabinete de arquitectura e urbanismo SLp)
- Jorge Salvador Fernández, arquitecto (gAU gabinete de arquitectura e urbanismo SLp)
- Jorge B. Gómez Cereijo, arquitecto (gAU gabinete de arquitectura e urbanismo SLp)
- Manuel J. López Guitar, arquitecto (gAU gabinete de arquitectura e urbanismo SLp)
- José Antonio Sánchez del Valle Vázquez, avogado (Sánchez del Valle Abogados, CB)
- Jesús Martínez Espiñeira, enxeñeiro de camiños, canais e portos
- Miguel Ángel Martínez Pérez, enxeñeiro de montes (Tenzas Enxeñaría e asesoramento legal SL)

O que CERTIFICO en Lugo o 26 de marzo de 2023



Asdo.: Alberte González Rodríguez



ÍNDICE

1	INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA	2
1.1	ANTECEDENTES	2
1.2	OBXECTO DO DOCUMENTO	2
1.3	LEXISLACIÓN APLICABLE	3
1.4	INFORMACIÓN SOBRE O ÁMBITO DE ACTUACIÓN	4
1.5	PROCEDENCIA DA SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA	8
1.6	IMPACTO DA ACTUACIÓN SOBRE OS GASTOS MUNICIPAIS	8
1.7	IMPACTO DA ACTUACIÓN SOBRE OS INGRESOS MUNICIPAIS	9
1.8	ANÁLISE DO ORZAMENTO MUNICIPAL	9
1.9	CONCLUSIÓNS DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA	10



1 Informe de sustentabilidade económica

1.1 ANTECEDENTES

O plan xeral de ordenación municipal vixente no concello de Lugo (PXOM) foi aprobado definitivamente con alcance parcial pola orde de 29 de abril de 2011 da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A modificación puntual que se tramita téñen por obxecto adaptar as determinacións do plan xeral tres circunstancias acaecidas con posterioridade á súa aprobación definitiva e que inciden no ámbito do polígono de solo urbano non consolidado URPI-58:

- A sentenza nº 100/2017 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, do 2 de marzo de 2017, analizada pormenorizadamente na Memoria xustificativa.
- A decisión adoptada polo concello de Lugo sobre as alternativas de ordenación propostas polo equipo redactor na fase 0 que comportan a eliminación do aproveitamento urbanístico lucrativo no ámbito e a súa transformación nun espazo libre e zona verde.
- O exercicio por parte do Concello de Lugo das súas competencias en materia de disciplina urbanística, en particular dos actos de edificación e uso do solo constituídos, respectivamente, polas obras de urbanización executadas no ámbito (estas completamente rematadas) e pola obra de construción do edificio situada na prolongación da rúa Grañón.Xacobe III de Inglaterra (esta non finalizada); exercicio que deu lugar ao ditado de actos administrativos que, no eido material, darán lugar á demolición das devanditas obras e á reposición dos terreos ao estado inmediatamente anterior ao seu inicio, o que, dende o punto de vista técnico, suporá a recuperación da rasante natural dos referidos terreos.

Trátase dunha modificación menor que persegue dar resposta ás esixencias impostas pola sentenza e que se resumen para os efectos urbanísticos en dúas decisións adoptadas:

- Reservar para o uso de espazo libre e zona verde, en continuidade co sistema xeral das costas do Parque Rosalía de Castro, toda a superficie antes reservada para o uso lucrativo, que se suma á xa prevista no planeamento incorporado ao plan vixente.
- Asumir a superficie do equipamento xa previsto no planeamento incorporado e situalo en relación co viario interior do sistema xeral antes citado.

1.2 OBXECTO DO DOCUMENTO

O informe de sustentabilidade económica (ISE) téñen como finalidade describir as características básicas do planeamento e as súas modificacións, facendo especial consideración no mantemento das infraestruturas e servizos asociados que aparezan como resultado do planeamento proxectado, analizando os orzamentos municipais e determinando, a modo de conclusión, o impacto da actuación urbanística sobre os devanditos orzamentos. Debe ter, asemade, un contido acorde co instrumento de ordenación que se trate.

Unha segunda cuestión que analizar é a relativa á repercusión económica para as facendas públicas da implantación das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento urbanístico dos solos urbanos e urbanizables previstos. Debe sinalarse como cuestión previa que os plans e programas urbanísticos que contemplan o desenvolvemento dos solos urbanos ou urbanizables teñen que prever o financiamento privado íntegro das cargas de urbanización, que inclúen todos os custos de urbanización para a implantación e posta en marcha das infraestruturas e servizos urbanísticos do ámbito a planear, así como a conexión cos servizos preexistentes. Deste xeito a planificación debe garantir a execución das infraestruturas, directa ou indirectamente, e o seu completo financiamento polos propietarios dos terreos.



No caso que nos ocupa, estas circunstancias deben matizarse pois o promotor da modificación puntual e propietario final dos terreos é a propia administración local, polo que o impacto na facenda local abrangue máis do inicialmente previsto pola lexislación, ao se estender tamén ás propias cargas de urbanización, non só ao seu mantemento futuro. Súmese a isto a outra característica singular da actuación relativa á ausencia de aproveitamento lucrativo, pois o obxectivo final é a obtención de equipamentos e zonas verdes que ocupan todo o ámbito e amplían o sistema xeral verde estremeiro das chamadas Costas do Parque Rosalía de Castro.

O informe debe centrarse, por tanto, na avaliación do impacto económico para a facenda local do custo da execución das obras de urbanización, do seu mantemento, posta en marcha e prestación dos servizos resultantes, sen a avaliación da suficiencia do solo destinado a usos produtivos pola carencia antes comentada da aproveitamento lucrativo e co pleno entendemento do momento do procedemento en que se configura tal como se describe.

Dito doutro xeito, o ISE pretende estudar os custos tanto da execución como da posta en marcha e mantemento das obras de urbanización precisas para dar por rematada a ordenación proposta na presente modificación puntual, conforme ao prescrito no Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, RDL 7/2015, a respecto da avaliación, control e seguimento da sustentabilidade do desenvolvemento territorial e urbano e a lexislación autonómica que o desenvolve.

1.3 LEXISLACIÓN APLICABLE

O Real decreto lexislativo 7/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, establece as bases económicas e medioambientais do réxime xurídico, avaliación e responsabilidade patrimonial das administracións públicas en materia de solo. Fixa uns principios para o desenvolvemento territorial e urbano sustentable, non só desde o punto de vista medioambiental, tamén desde o punto de vista económico, laboral e social, procurando que o solo urbano que se desenvolva garanta unha dotación suficiente de infraestruturas e servizos que cumpran unha función social.

Asemade, conforme ao establecido no art. 22.4, todos os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deben someterse a unha avaliación económica ademais de ambiental:

«22.4.- La documentación de los instrumentos de ordenación de las actuaciones de transformación urbanística deberá incluir un informe o memoria de sostenibilidad económica, en el que se ponderará, en particular, el impacto de la actuación en las Haciendas Públicas afectadas por la implantación y el mantenimiento de las infraestructuras necesarias o la puesta en marcha y la prestación de los servicios resultantes, así como la suficiencia y adecuación del suelo destinado a usos productivos.»

Esta esixencia pretende mellorar a información previa necesaria para a toma de decisións públicas de carácter territorial e urbanístico. Este documento, fronte aos tradicionais «Estudios económicos-financeiros» do planeamento que só tiñan por obxectivo analizar a suficiencia de recursos para o financiamento de todas as infraestruturas e servizos necesarios para a posta en funcionamento da ordenación proxectada, ten unha perspectiva temporal superior pois propón unha análise que transcende a fase de execución urbanizadora e se centra no custo público da obtención, mantemento e conservación das novas áreas urbanizadas e recibidas pola Administración pública.

A Lei 2/2016 do solo de Galicia, no seu art. 58 confirma a necesidade desta análise, ampliada no desenvolvemento que se fai da lei a través do seu Regulamento¹ que recolle no artigo 143 as seguintes prescricións:

¹ DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



«5. Ademais do estudo económico, incorporárase o informe de sustentabilidade económica, co contido establecido na lexislación estatal. O informe dividirase en dúas partes:

a) *Parte I: avaliación do impacto da actuación urbanizadora nas facendas públicas afectadas polo custo das novas infraestruturas ou da prestación de servizos resultantes. Esta avaliación estimará o importe total do investimento e os gastos correntes públicos necesarios para a execución e o mantemento de todas as infraestruturas e equipamentos previstos polo planeamento, tanto os correspondentes aos sistemas xerais definidos no plan como aos sistemas locais dimensionados, mediante os estándares que o plan estableza. Así mesmo, estimaranse os ingresos públicos que puidesen derivar da completa execución das previsións do plan xeral.*

b) *Parte II: análise da suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos. Esta análise incorporárase en canto que o plan xeral debe asignar os usos globais, así como as intensidades edificatorias das actuacións previstas destinadas tanto ao uso residencial coma ao produtivo xerador de emprego.»*

1.4 INFORMACIÓN SOBRE O ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O instrumento que rexe o planeamento no concello de Lugo é o *Plan xeral de ordenación municipal*, vixente desde o 29 de novembro de 2011. Por estaren suxeitos os terreos que compoñen o ámbito delimitado ás determinacións das sentenzas que provocaron esta modificación puntual farase unha revisión dos condicionantes específicos tanto urbanísticos coma xudiciais que afectan ao desenvolvemento do polígono.

As determinacións máis significativas que se derivan do plan xeral (e do plan parcial ao que se remite) son:

- Uso característico: residencial e espazos verdes
- Uso incompatible: industrial
- Edificabilidade: 1,77 m²/m² (no PXOU anterior este valor era 2.05 m²/m², modificado a través dun convenio)
- Cesións mínimas para sistemas xerais (Espazos libres)²: 3.951 m² (no PXOU anterior este valor era 2.660 m², modificado a través dun convenio)
- Cesións mínimas para dotacións locais (Equipamientos): 1.530 m²

Tendo en conta que o plan xeral recollía esta operación coma un planeamento incorporado e en fase de execución. As determinacións recollidas na ficha (páxs. 154-155 do volume *Normativa. Fichas*) correspóndense coas do PERI citado, tal como se poden comprobar nas imaxes adxuntas ao final deste apartado.

A execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 100/2017, do 2-03-17, comportou a obriga de formular e aprobar un proxecto de modificación puntual do PXOM, toda vez que fai o seguinte pronunciamento: «2.- Anular en parte dicha Orden de 29 de abril de 2011 y dicho P.G.O.M. en el exclusivo extremo relativo a la ordenación urbanística de la unidad de actuación CS-5 (hoy URPI 58) que es contraria a Derecho.»

A consecuencia inmediata deste mandato foi un acordo plenario do concello (20/2010 de 29/11/18) que implicaba

« (...) *facen un estudo de alternativas para a tramitación da modificación puntual da Unidade de Actuación CS-5 (URPI 58 no PXOM) no que se fixen como criterios prioritarios:*

- *A menor incidencia económica posible para as arcas municipais.*

² Datos fornecidos polo plan xeral anterior e polo PERI aprobado definitivamente que se incorporou ao plan xeral vixente como tal.



- *A conversión en zona verde da maior superficie posible.*
- *menor impacto visual da edificabilidade resultante no caso de que esta edificabilidade exista.»*

Este estudo de alternativas e a escolla dunha delas, constitutivo da chamada Fase 0 do contrato derivado da licitación, foron os prolegómenos que informaron o borrador do plan. A alternativa seleccionada foi a proposta de ordenación xa validada a través do Informe ambiental estratéxico elaborado polo órgano ambiental. Esta proposta, denominada 0 no estudo de alternativas, comporta **non edificar nada no ámbito obxecto da modificación puntual agás o equipamento previsto**; por tanto, deixarase un espazo libre que se poderá incorporar doadamente ao sistema xeral existente das Costas do Parque.

Na parte superior da parcela mantense, modificado, o único elemento de urbanización contido no ámbito, a prolongación da rúa Garañón ata conectar coa rúa Xacobe III. Dispónse o equipamento nun lugar que permita unha certa versatilidade do seu uso, vinculado tanto ao sistema xeral de espazos libre e zonas verdes das Costas do Parque Rosalía de Castro coma á ronda da República Arxentina, coma ao propio ámbito obxecto da modificación puntual.

O resto do ámbito resérvase para zona verde organizada en tres áreas, conforme á topografía resultante do proceso de reposición da legalidade urbanística feito previamente no ámbito, que implicou a demolición de todo o construído. Desde a cota superior á inferior:

- unha primeira franxa con notable pendente reservada para a plantación tanto de céspede, coma de agrupamentos de árbores caducifolias que acolle, tamén, a conexión mediante un sendeiro formalizado dotado de bancos e iluminación coa rúa superior.
- Unha franxa intermedia, máis 'horizontal' ca as outras, que permite a súa habilitación para actividades de lecer irregulares e a conexión coa zona do mesmo tipo que existe nas chamadas «costas do parque Rosalía de Castro».
- A franxa final, de maior pendente e forma triangular, que acolle nun extremo o equipamento comunitario xa descrito e no resto fai de remate do sendeiro formalizado que enlaza coa ronda da República Arxentina.

Conclúese, por tanto, que o aproveitamento lucrativo é inexistente e que toda a superficie do ámbito se destina a terreos de uso e titularidade pública:

- Unha parte para equipamento ou **dotación local** de 1.530 m²
- Outra parte a **zonas verdes** e espazos libres de 8.137 m²
- Unha **dotación viaria** de 1.483 m²




Ilustración 1: plano de ordenación e xestión do solo urbano do PXOM, onde se sitúa a área obxecto da modificación.



Normativa Urbanística. Fichas

PLANEAMIENTO INCORPORADO	U.A. CS5	URPI-58
CLASE DE SUELO	Urbano no consolidado	

PLANEAMIENTO EN DESARROLLO Y MODIFICACIONES

Denominación	Aprobación definitiva
Plan Especial de Reforma Interior	7 de noviembre de 2005

DETERMINACIONES DE ORDENACIÓN

Superficie del ámbito	10.945,65 m²
Calificación	Residencial
Ordenanzas de aplicación	Ordenanza de Volumetría Específica. Espacio libre de dominio y uso público. Equipamiento Comunitario.

DETERMINACIONES DE GESTIÓN

Iniciativa de planeamiento	Privada
----------------------------	---------

19 XAN. 2012

O Subdirector Xeral de Urbanismo

Esteban Sobrino Rodríguez

Documente refundiéndose do PXOM de Lugo aprobado definitivamente de forma parcial polo Concello de Lugo en sesión de 23/04/2011.

XUNTA DE GALICIA

Documente refundiéndose do PXOM de Lugo adoptado á Onda da Comisión de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no día 20/04/11 (30000-17-0000-1045/11).

Lugo, 21 de agosto de 2014

O SECRETARIO XERAL DO P.E.N.D.

Ante: Alcaide Municipal Carlos Vázquez

154

Plan General de Ordenación Municipal de Lugo

Ilustración 2: ficha do ámbito desenvolvido inicialmente por un PEPRI e incorporado ao plan xeral. Fonte: PXOM de Lugo

Aprobado inicialmente por acordo do Excmo. Concello Pleno de data do 27-02-2025.
A Secretaría Xeral.
Asdo: Ana Mª Rivas García

MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE LUGO – URPI 58
GAU ARQUITECTURA E URBANISMO SLP

6 de 12

CONCELLO DE LUGO
DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL – 26/03/23




Ilustración 3: ficha do ámbito desenvolvido inicialmente por un PEPRI e incorporado ao plan xeral. Fonte: PXOM de Lugo

Con estes valores numéricos xa podemos identificar como centros de custo que necesitarán unha execución e un mantemento dous: A zona verde e a rede viaria. A construción do equipamento non se vincula á xestión da modificación puntual.



1.5 PROCEDENCIA DA SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

Como xa foi indicado, o obxecto do ISE céntrase en medir o impacto da actuación, unha vez completada a transformación, nas facendas públicas. Mediante o presente informe analízase o previsible impacto económico e financeiro que suporá a execución das obras de urbanización do ámbito. para iso cómpre definir que se entende por *sustentabilidade económica* para a facenda local. Esta podería formularse da seguinte maneira: «a repercusión do novo instrumento de planeamento é sustentable cando o concello téñ a capacidade financeira suficiente para facer fronte aos investimento en infraestruturas e equipamentos».

As actuacións urbanísticas son autosuficientes para o seu mantemento sempre que os ingresos correntes sexan quen de financiar os gastos correntes, considerándose deste xeito que a estrutura orzamentaria do concello está equilibrada. Polo tanto debemos basear na análise e estudo do orzamento local o traballo do presente informe.

1.6 IMPACTO DA ACTUACIÓN SOBRE OS GASTOS MUNICIPAIS

Este apartado pretende analizar o impacto orzamentario sobre os gastos municipais que terá a obra urbanizadora desde o momento da súa execución e o seu mantemento futuro.

Unha vez previstos os distintos custos, comprobarase a sustentabilidade económica da actuación proposta, adoptando se cómpre, as medidas necesarias para garantir a súa viabilidade.

Polo tanto, neste apartado estimaranse os seguintes grupos de gasto: a) o relativo á execución das obras de urbanización, honorarios profesionais e xestión inherentes a este proceso e b) o relativo aos gastos derivados do mantemento de zonas verdes e viarios públicos xa executados. A fonte de información para o primeiro grupo vén determinada polo propio Estudo económico da presente modificación puntual e o Prego de prescrición da licitación da que procede para os efectos do cálculo dos honorarios profesionais. Os gastos de mantemento estimanse mediante ratios usuais no sector, aplicadas á superficie de cada elemento a considerar.

a) Gastos derivados da execución da urbanización ligada á proposta de ordenación da Modificación puntual

Conforme ao estudo económico deste documento o resumo dos custos de urbanización son os seguintes:

Concepto	Importe (€)
Conexións exteriores	126.000,00
Obras de urbanización interior da actuación	970.000,00
Adquisición dos terreos	755.077,86
TOTAL	1.851.077,86

A estes gastos habería que sumar o importe asociado a honorarios profesionais que se obtén do contrato asinado cos redactores da modificación puntual equivalente a 20.322,41 euros.

O total dos custos asociados á definición e execución das obras de urbanización son 1.871.400,27 euros.

b) gastos asociados ao mantemento das obras de urbanización unha vez executadas
neste epígrafe inclúense os gastos derivados do mantemento da rúa superior que recolle conceptos tales como conservación de instalacións eléctricas e de iluminación, limpeza de vías e sinais, rede de saneamento e consumos.

Os módulos de custo anual considerados para esta estimación son os seguintes:



- Mantemento de iluminación pública e semaforización = 0,35 €/m²
- Mantemento de beirarrúas e calzadas = 0,65 €/m²
- Mantemento de sinalización e moblaxe urbana = 0,45 €/m²

Isto da un total de gastos de mantemento do vial de 1,45 €/m² que aplicado á superficie da rúa proxectada de 1.483 m² da o seguinte valor: 1.483 m² x 1,45 €/m² = 2.150,35 € por ano

No caso das zonas verdes usamos uns módulos de custo anual seguintes:

Neste epígrafe sobre o mantemento da xardinaria e rede de rega temos en conta, entre outras tarefas, a revisión de bocas de rega, bombas e sistemas de instalación, eliminación de malas herbas e rozas, podas e reposición de árbores e arbustos.

- Mantemento de instalación de rega = 0,70 €/m²
- Mantemento de arboreda = 1,10 €/m²
- Tratamento vectores pragas en zona pública incluso rede saneamento = 0,18 €/m²

Isto da un total de gastos de mantemento de 1,98 €/m² que aplicado á superficie proxectada de zonas verdes de 8.137 m² da como resultado 16.111,26 € por ano

No caso das redes de saneamento e auga potable o módulo anual de gasto en concepto de conservación da rede de saneamento e auga potable é o seguinte: 0,50 €/m²

Aplicado á superficie total do ámbito da como resultado (8.137 m² x 0,50 €/m²) = 4.068,50 € por ano.

A suma de todos estes gastos de mantemento para os elementos de urbanización proxectada resulta unha cantidade de 22.330,11 €/ano

1.7 IMPACTO DA ACTUACIÓN SOBRE OS INGRESOS MUNICIPAIS

Os beneficios directos para o dominio público que resultan das novas actuación son, habitualmente, da seguinte natureza:

- A posibilidade de obter ingresos por novas licenzas de construción, de instalación de actividades, de primeira ocupación, etc.
- Os ingresos procedentes do cobro do imposto sobre bens inmobles (IBI) sobre as novas construcións que a edificabilidade prevista pola actuación ordene.

Estas dúas circunstancias non dan na presente actuación, ao se destinar todo o ámbito territorial a usos dotacionais e de equipamento, o que implica necesariamente a inexistencia de aproveitamento lucrativo. Por tanto, non procede estimar o aumento da recadación que se produce ao poñer en servizo o ámbito pois a base dos diferentes impostos e taxas municipais non se pode repercutir sobre ningún novo inmovble ou actividade. Non hai ningún ingreso previsible derivado da actuación, todo o cal implica necesariamente ligar aos recursos propios ou ao financiamento externo a execución e mantemento destas obras.

1.8 ANÁLISE DO ORZAMENTO MUNICIPAL

Tal como se indica no apartado anterior, a ausencia de aproveitamento lucrativo derivado da ordenación proposta comporta a dependencia dos recursos propios ou do financiamento externo da facenda local e xustificar a sustentabilidade económica da actuación tomando como referencia exclusivamente o orzamento municipal e a súa proxección futura, tendo en conta as limitacións de gasto que outras instancias administrativas poidan impoñer ao seu crecemento.

A evolución do orzamento municipal dos últimos cinco anos, tirados dos publicados no *Boletín oficial da provincia*, permite obter os datos expostos na táboa seguinte. Nesta táboa indícase como «valor corrixido» a porcentaxe máxima do crecemento permitida para o concello de Lugo, tomando como referencia o diferencial entre os orzamentos dos anos 2023 e 2024.



Orzamento		Ano				
Tipo	Concepto	2020	2021	2022	2023	2024
Gastos	Correntes	88.077.198,13	90.698.099,80	94.878.979,65	103.875.041,26	106.055.425,00
	Capital	11.151.278,87	14.947.410,13	11.897.775,99	14.021.812,16	14.100.000,00
	Op. Financeiras	833.203,84	833.203,84	100.000,00	100.000,00	1.700.000,00
		100.061.680,84	106.478.713,77	106.876.755,64	117.996.853,42	121.855.425,00
Ingresos	Correntes	96.507.680,84	93.949.891,71	99.158.279,88	104.330.179,66	108.115.705,00
	Capital	3.454.000,00	5.278.822,06	2.018.475,76	1.791.673,76	139.720,00
	Op. Financeiras	100.000,00	7.250.000,00	5.700.000,00	11.875.000,00	13.600.000,00
		100.061.680,84	106.478.713,77	106.876.755,64	117.996.853,42	121.855.425,00
Superávit	Déficit	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Crecemento anual	absoluto		6.417.032,93	398.041,87	11.120.097,78	3.858.571,58
	% total		6,41%	0,37%	10,40%	3,27%
Crecemento no período analizado	absoluto	21.793.744,16	Valor corrixido 3,27%			
	% total	21,78%				
	% promedio	5,12%				

Ilustración 4: Evolución do orzamento municipal do concello de Lugo

Para avaliar a repercusión faise unha proxección tanto do gasto previsto coma da evolución do orzamento municipal en dous cuatrienios. Neste último caso coa porcentaxe indicada de 3,27% de límite e no caso do gasto repartindo o importe total da execución das obras xunto coa suma dos importes anuais de gastos de mantemento desde o segundo ano³. O que se trata de demostrar é que o teito de gasto indicado é sempre superior á repercusión do gasto previsto.

Ano	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032
Importe estimado	125.840.097,40	129.955.068,58	134.204.599,33	138.593.089,72	143.125.083,76	147.805.274,00	152.638.506,46	157.629.785,62
Aumento en euros	7.843.243,98	4.114.971,18	4.249.530,74	4.388.490,40	4.531.994,03	4.680.190,24	4.833.232,46	4.991.279,16
Aumento en %	3,27%	3,27%	3,27%	3,27%	3,27%	3,27%	3,27%	3,27%

Ilustración 5: Proxección anual do orzamento en 2 cuatrienios

Repercusión en dous cuatrienios		Repercusión por ano		2027	2028	2029	2030	2031	2032
2.027.711,04	euros	253.463,88	253.463,88	253.463,88	253.463,88	253.463,88	253.463,88	253.463,88	253.463,88
Período	8 anos	0,20%	0,20%	0,19%	0,18%	0,18%	0,17%	0,17%	0,16%
% Promedio	0,18%								

Ilustración 6: Repercusión do gasto previsto na proxección do orzamento municipal:

1.9 CONCLUSIÓNS DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA

Á vista dos resultados das táboas anteriores e trala análise e proxección dos ingresos e gastos estimados en función dos crecementos previsto, pódese confirmar que o aumento que supón o gasto derivado da actuación urbanística proxectada queda subsumido no aumento máximo estimado na proxección do orzamento municipal en dous cuatrienios, polo que se entende que a administración local poderá afrontar os investimentos necesarios debidos á execución e posta en servizo da ordenación proposta nesta modificación puntual sen menoscabo, claro está, dos evidentes beneficios de índole, urbanístico, medioambiental e paisaxístico que non se cuantifican economicamente.

³ No primeiro ano non hai gastos de mantemento porque está en execución a infraestrutura.